

ELPROGRESO

Vilalba recoñece a oralidade e a linguaxe da obra de Xabier DoCampo

A AELG e o lescha promoveron a terceira edición da Polavila na honra ao escritor chairego, un "contador de historias" que "deixou pegada" a través de libros que atraen a distintas xeracións

[María Roca](#)

12 de abril de 2026

<https://www.elprogreso.es/articulo/a-chaira/vilalba-reconece-oralidade-linguaxe-da-obra-xabier-docampo/202604120506501961153.html>

"Todo o que axude a que súa obra permaneza, sexa lida e valorada, recoñecida no ámbito escolar para os alicerces do futuro, servirá para cumprir algo daquel mandato seu que temos o que o coñecemos". Así resumía **Cesáreo Sánchez Iglesias**, presidente da **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)**, o obxectivo da **Polavila Docampo**, cuxa terceira convocatoria se celebrou este sábado en **Vilalba**, coa colaboración do lescha.

Esta homenaxe en torno á figura de **Xabier P. Docampo** serviu para poñer en valor as características máis destacadas dos seus libros, eses que "marcan a infancia, a adolescencia e son recordos de vida das persoas", tal e como os definiu a alcaldesa, **Marta Rouco**, tras contar unha anécdota persoal con *Cando petan na porta pola noite*, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1995.

Este relato foi o protagonista no acto central que houbo no **Muíño do Rañego**, que puxo fin a unha intensa semana na que alumnado do **IES Basanta Silva** fixo unha exposición de personaxes elaborados por eles mesmos e unha reflexión sobre o medo que quedou á vista nunha ponte sobre o río Madalena; **Martin Pawley** e **Manuel Bragado** ofreceron cadansúas charlas sobre o autor chairego e se inaugurou a mostra de ilustracións *O pintor cego* de **Xosé Cobas**.

O tusitala ou o que conta historias

A escritora **Beatriz Maceda**; a responsable da biblioteca vilalbesa, **Atenea Ruibal**, e **Susana Pérez**, da Escola Municipal de Teatro, ofreceron a súa visión sobre *Cando petan na porta pola noite*, destacando a "escrita oral" e a "linguaxe" presente non só neste libro, senón en toda a súa obra.

Maceda titulou a súa intervención *Xabier Docampo, o tusitala*, "e con intención, porque tusitala en samoano significa o que conta historias". "Neste libro, con moita mestría, aproveita eses **medos básicos** que temos cando somos crianzas, mesturándoos cunha **narración oral** que os fai máis reais", dixo.

Atenea Ruibal falou dende a súa experiencia na biblioteca, onde "usuarias ollaban estes días os libros de Docampo e víñanselles á memoria e recomendábanos ás súas crianzas" grazas á "pegada que lles deixou" ou como os usuarios do **centro de día de Abadín** conectan con eles porque "falan de sitios próximos coa oralidade que eles tanto viviron".

O acto finalizou cunha visita ao **Hectómetro Literario** que se lle dedicou en 2009 a Docampo no **Paseo dos Soños**. Pola tarde, foi a **Gala Polavila Docampo** no auditorio municipal, coas intervencións de Xosé Cobas, Martin Pawley, Daniel Bello, Martiño Maseda, Pilar Maseda, María Xosé Lamas, Luz Airado, Emilia Martínez Fuentes, Ángeles Goás e a Escola Municipal de Teatro, que representou a obra protagonista da xornada.